

## **PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES DE MOBILIDADE NA USC**

### **OBXECTO**

O regulamento de intercambio constitúe un instrumento básico para organizar a mobilidade dos nosos e das nosas estudantes cara a outras universidades. Este regulamento ten como finalidade favorecer o acceso do estudiantado da USC á oferta educativa de calidade noutros países, a través do recoñecemento de estudos e cualificacións que se recolle como principio no EEES.

Co propósito de facilitar a xestión na que interveñen os centros e outras unidades da USC, faise necesaria unha organización operativa que permita impulsar o valioso potencial que representan os intercambios para a formación do noso estudiantado. O presente procedemento de xestión persegue este obxectivo a través de tres estratexias: (i) mellorando a selección dos candidatos a través das súas capacidades lingüísticas, (ii) favorecendo o importante papel dos coordinadores en canto ao asesoramento dos destinos e (iii) invitando ao centro a desenvolver estratexias de mobilidade a través da asignación dos destinos e dos acordos de estudos.

Outro importante obxectivo do presente procedemento é velar para que todo o alumnado da USC concorra en igualdade de oportunidades, conforme aos principios de mérito e capacidade, e que sexa seleccionado segundo os requisitos que se establecen nos acordos de mobilidade para un mellor aproveitamento da súa estadía.

### **ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente procedemento aplicarase a todos os programas de mobilidade xeral de estudantes nos que se requira un concurso competitivo interno, como Erasmus, Erasmus prácticas, Sicue ou programas propios da USC.

### **PROCEDEMENTO**

#### **Convocatoria xeral**

A convocatoria será aprobada pola Vicerreitoría con competencias de mobilidade de estudantes e farase pública a través da ORE. Para iso, abrírase unha convocatoria para que o estudiantado se rexistre e seleccione os idiomas nos que desexe ser avaliado.

Unha vez seleccionado o estudiantado, a Comisión de Selección dos Centros, a través dos seus coordinadores, adxudicará os destinos definitivos dos candidatos a través dun proceso personalizado no que se valorarán: (i) os coñecementos de idiomas, (ii) o expediente académico e (iii) o perfil académico, mediante entrevista.

Por último, os acordos de estudos serán avaliados pola Comisión de Selección dos Centros para permitir desenvolver estratexias de mobilidade específicas.

### **Criterios de selección dos candidatos**

#### *Criterios académicos*

Para poder solicitar unha mobilidade, o estudantado deberá ter superado máis do 15% dos créditos dos estudos da titulación, tal como establece o regulamento de intercambios da USC.

A valoración do expediente non poderá excluír máis do 5% dos candidatos que teñan demostrado o nivel de idioma recomendado.

#### *Criterios lingüísticos*

Todo o alumnado se presentará ás probas de nivelación dos idiomas das universidades que seleccione. Cada estudante poderá facer as probas dun ou de máis idiomas.

Para ser considerado apto para a mobilidade, os candidatos deberán acadar unha nota de 5 (equivalente a nivel B1) na proba do idioma do país de destino (inglés, francés, alemán...) ou do idioma no que se impartan os estudos (p.e. inglés para Finlandia, República Checa...). No caso de que a universidade de destino o especifique, será obrigatorio un nivel de idioma superior.

Dada a afinidade lingüística, as probas de portugués e italiano non serán excluíntes.

Estarán exentos da devandita proba:

- a. Aqueles estudantes que dispoñan de certificados oficiais internacionalmente recoñecidos con nivel B1 ou superior (TOEFL, Escola Oficial de Idiomas...). Neste caso o coñecemento de idioma será avaliados como apto (equivalente a 5 na proba de idiomas); non obstante, para mellorar esta cualificación o alumnado poderá realizar as probas de idioma.
- b. Aqueles estudantes das diferentes filoloxías que se presenten a prazas con destinos onde a lingua coincida cos seus estudos.

### **Criterios para a asignación de centros de destino entre o estudantado seleccionado**

O centro, a través do responsable de mobilidade e dos coordinadores, contribuirá activamente na asignación dos diferentes centros de destino, mediante a difusión da oferta que promove e mediante o asesoramento dos posibles destinos ao estudantado. Os coordinadores ou coordinadoras, por medio de titorías, proporcionaranlle ao estudantado información adicional sobre aspectos particulares da oferta académica dos seus convenios, así como información xeral dos centros que representan.

Para a asignación das universidades de destino, a Comisión convocará persoalmente a totalidade dos candidatos. Cada un dos candidatos manifestará na entrevista as súas preferencias de destino. Para a asignación definitiva teranse en conta os coñecementos de idiomas e o expediente académico (por igual), así como o perfil académico e persoal do candidato ou candidata. Durante este proceso de asignación personalizado, os compoñentes da Comisión asesorarán o estudiantado en virtude do seu perfil académico, propoñendo no seu caso destinos alternativos. No caso de destinos de lingua española terase en conta o expediente e o perfil académico e persoal do candidato.

### **Sobre os acordos de estudo**

Os acordos de estudos deberán incluír polo menos 20 ou 40 créditos ECTS para un ou dous semestres, respectivamente.

O estudiantado presentará os acordos de estudos ante a Comisión do Centro e esta poderá suxerir cambios neles en función da política de intercambios do centro.

### **Selección definitiva dos candidatos**

A partir das propostas dos centros, a Vicerreitoría con competencias de mobilidade de estudantes elaborará unha proposta global dos candidatos e dos seus destinos, que será aprobada pola Comisión de Relacións Internacionais delegada do Consello de Goberno.

O alumnado disporá dun prazo de sete días naturais para presentar reclamacións, que serán resoltas pola propia Comisión e notificadas polo Decanato aos reclamantes persoalmente por correo electrónico e publicadas conforme ao disposto no punto anterior.

Rematado o prazo de reclamacións, aprobarase definitivamente pola Vicerreitoría de Política Internacional a relación definitiva contra a que poderá presentarse recurso de reposición.